

“BASES DO CONCURSO DESFILE DE DISFRACES INFANTIL E ADULTOS DO ENTROIDO 2019”.

Establécense as seguintes bases para os Concursos-Desfiles de disfraces que se celebrarán o día 09 de marzo de 2019 no Pavillón Municipal do Concello de Barro.

### **1º CATEGORÍAS E PREMIOS**

Establécense os seguintes premios, con cargo á partida orzamentaria da Concellería de Cultura do Concello de Barro, coas seguintes categorías.

<b><u>CONCURSO DESFILE INFANTIL</u></b>	<b><u>CONCURSO DESFILE ADULTOS</u></b>
1º PREMIO <b>INDIVIDUAL</b> : 50€	1º PREMIO <b>INDIVIDUAL ADULTOS</b> : 100 €
2º PREMIO <b>INDIVIDUAL</b> : 30€	2º PREMIO <b>INDIVIDUAL ADULTOS</b> : 60€
3º PREMIO <b>INDIVIDUAL</b> : 20€	3º PREMIO <b>INDIVIDUAL ADULTOS</b> : 40 €
1º PREMIO <b>PARELLAS</b> : 70€	1º PREMIO <b>PARELLAS ADULTOS</b> : 150€
2º PREMIO <b>PARELLAS</b> : 40€	2º PREMIO <b>PARELLAS ADULTOS</b> : 80€
3º PREMIO <b>PARELLAS</b> : 30€	3º PREMIO <b>PARELLAS ADULTOS</b> : 50€
1º PREMIO <b>GRUPO</b> : 100€	1º PREMIO <b>GRUPO ADULTOS</b> : 300 €
2º PREMIO <b>GRUPO</b> : 70€	2º PREMIO <b>GRUPO ADULTOS</b> : 150€
3º PREMIO <b>GRUPO</b> : 50€	3º PREMIO <b>GRUPO ADULTOS</b> : 70€
PREMIO <b>ANIMACIÓN A GRUPO</b> : 60€	PREMIO <b>ANIMACIÓN A GRUPO</b> : 150€.

### **2º INSCRICIÓN:**

O lugar de inscrición será na OMIX de Barro de luns a venres de 9:30 a 14:00. Os participantes tamén poderán inscribirse:

- Concurso desfile infantil no Pavillón Municipal de 17:00 a 18:00h.
- Concurso desfile adulto no Pavillón Municipal de 22:00 a 23:00h.

Considérase categoría infantil aos participantes menores de 14 anos. Os menores de idade que participen nos desfiles deberán ser inscritos por un adulto; dita inscrición levará implícita a autorización por parte dos responsables dos menores.

En caso de grupos con membros que coincidan en categoría infantil e adulto, serán incluídos na categoría que sume máis membros.

En caso de parellas con membros que coincidan en categoría infantil e adulto, serán incluídos na categoría de adultos.

Os premios de mellor animación serán compatibles con calquera outro.

### **3º DESEÑO E MOTIVO:**

Serán de libre elección. O xurado valorará a orixinalidade do disfrace e a complexidade na súa confección, así como a animación por parte dos grupos durante a celebración dos bailes.

Os grupos deberán participar cun dorsal que corresponderá ao nome do disfrace inscrito.

Non poderán participar grupos ou persoas con carteis ou disfraces que conteñan alusións de carácter ofensivo contra outras persoas.

#### **4º PARTICIPANTES:**

Os participantes permanecerán no Pavillón Municipal ata o remate de cada Concurso-Desfile no que participen.

#### **5º CONCURSO INFANTIL:**

**-Idades:** rapaces e rapazas de 0 a 14 anos.

**-Horarios:** Ás 18:00 h. comeza o baile e remata ás 21:00 h. O desfile comeza ás 19:30h.

**-Premios:**

.Pequeno agasallo para todos os/as participantes.

.Premios para os 3 mellores disfraces (individual, parella e grupo).

.Premio especial á animación (grupos).

Entrega de VALES de premios: Sábado 9 de marzo ás 21:00 h. Os premiados deberán entregar no momento de recibir o premio a seguinte documentación:

- **Fotocopia DNI representante (pai, nai, titor/a, representante da parella ou grupo).**
- **Nº de conta.**

#### **Listado de premios:**

1º PREMIO INDIVIDUAL: 50€

2º PREMIO INDIVIDUAL: 30€

3º PREMIO INDIVIDUAL: 20€

1º PREMIO PARELLAS: 70€

2º PREMIO PARELLAS: 40€

3º PREMIO PARELLAS: 30€

1º PREMIO GRUPO: 100€

2º PREMIO GRUPO: 70€

3º PREMIO GRUPO: 50€

PREMIO ANIMACIÓN A GRUPO: 60€

#### **6. CONCURSO ADULTOS:**

**-Idades:** mozos/as a partir de 15 anos e adultos.

**-Horarios:** Inicio do baile ás 22:00 h. Inicio do desfile ás 23:30h.

**-Premios:**

.Premio para os 3 mellores disfraces (individual, parella e grupo).

.Premio especial á animación (grupos).

Entrega de VALES de premios: Sábado 9 de marzo ás 21:00 h. Os premiados deberán entregar no momento de recibir o premio a seguinte documentación:

- **Fotocopia DNI representante (pai, nai, titor/a, representante da parella ou grupo).**
- **Nº de conta.**

**Listado de premios:**

1º PREMIO **INDIVIDUAL** ADULTOS: 100 €  
2º PREMIO **INDIVIDUAL** ADULTOS: 60€  
3º PREMIO **INDIVIDUAL** ADULTOS: 40 €

1º PREMIO **PARELLAS** ADULTOS: 150€  
2º PREMIO **PARELLAS** ADULTOS: 80€  
3º PREMIO **PARELLAS** ADULTOS: 50€

1º PREMIO **GRUPO** ADULTOS: 300 €  
2º PREMIO **GRUPO** ADULTOS: 150€  
3º PREMIO **GRUPO** ADULTOS: 70€

**PREMIO ANIMACIÓN A GRUPO:** 150€.

**7. XURADO**

Os concursos serán fallados por un xurado convidado pola Concellería de Cultura do Concello de Barro e estará formado por persoas representativas da vida cultural do concello.

O xurado avaliará especialmente, entre outros aspectos, a orixinalidade, o uso de elementos reciclados, a creatividade, a posta en escena, etc...

O xurado non estará identificado como tal durante o desfile, observando as evolucións dos/das participantes durante o desenvolvemento do baile e do desfile.

A entrega dos VALES premiados realizarase ao final de cada un dos bailes tendo a persoa responsable (inscrita como representante do grupo), aportando o DNI e nº de conta. O nome do premiado/a deberá coincidir cos datos dun dos titulares da conta bancaria.

Para o cobro dos premios da categoría infantil, terá que aportar os datos un adulto como representante.

Se se trata dunha asociación ou grupo formal deberán indicalo na inscrición, aportando o número de conta bancaria da asociación para realizar o ingreso.

O fallo do xurado será inapelable, e este poderá resolver calquera cuestión non recollida nas presentes bases.

O Concello resérvase o dereito de captación e difusión de imaxes durante os bales infantil e adulto, para fins de publicidade e promoción.

A participación no concurso implica a aceptación plena das seguintes bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

As presentes bases estarán publicadas no taboleiro de anuncios e nas redes sociais do Concello, e farase referencia ás mesmas na cartelería e nos medios de comunicación habituais.

O prazo de inscrición comeza o día seguinte á publicación destas bases.